# PROXECTO E-DIXGAL

CEIP Plurilingüe Wenceslao Fernández Fórez
A Coruña

# Que é E-Dixgal?

- E-Dixgal é un proxecto que pretende transformar a aula tradicional nunha aula dixital.
- Está enfocado a alumnado de 5º e 6º de Primaria e 1º, 2º, 3º e 4º de ESO.
- O alumando, profesorado e familias participantes nesta iniciativa dispoñen dunha serie de elementos, que lles permiten desenvolver un ensino dixital:
  - Aulas dixitais, equipamento de alumnado e profesorado de uso persoal, un entorno virtual de aprendizaxe, variedade de contidos dixitais, programas de formación, ferramentas de intercomunicación e colaboración.

EDIXGAL

# Material de aula

- Encerado dixital interactivo.
- Proxector.
- Wifi.
- Carro de carga de portátiles.
- Equipo do profesorado.





# Material do alumnado (NETBOOK)





HP ProBook x360

Lenovo ThinkPad Yoga 11e

# Contrato e identificación

- Unha vez recibidos os ordenadores o centro os identificará individualmente.
- Para que os alumnos poidan usalos nos seus domicilios, as familias deben firmar un contrato de responsabilidade.






XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA, EDUCACIÓN E ORDENACIÓN UNIVERSITARIA

amtega

## ACORDO DE CESIÓN DE USO DO ORDENADOR DO ALUMNADO NO PROXECTO DE EDUCACIÓN DIXITAL ABALAR - E-DIXGAL

D./Dna ______________________ con DNI Nº ____________

pai/nai/titor/a legal de ______________________ alumno/a do curso ________

de Educación ______________ do centro ______________________

### RECIBÍN INFORMACIÓN SOBRE:

1. Que o centro participa na iniciativa E-Dixgal do Proxecto ABALAR para o uso das novas tecnoloxías da información e da comunicación, no que se pon a disposición do alumnado participante ordenadores para a realización das súas tarefas escolares.
2. Que no centro atópase a disposición do alumnado participante no proxecto o ordenador marca HP, modelo Probook x360 G1 EE con número de serie ______________________

### ACEPTA AS SEGUINTES CLÁUSULAS DE PRÉSTAMO DO EQUIPO:

**PRIMEIRA. OBXECTO.**

Mediante este acordo a Xunta de Galicia cede o uso do ordenador descrito ao/a alumno/a cunha finalidade educativa para a realización de tarefas escolares coas condicións e normas recollidas neste documento.

**SEGUNDA. CONDICIÓNS DE USO**

**A.** O/A alumno/a levará o ordenador ao seu domicilio para estudar e realizar as tarefas encargadas polo seu profesorado. Non se poderá utilizar o citado equipo para ningún outro uso persoal ou profesional sen a expresa autorización do centro. Ademais non poderá cederse a terceiras persoas.

**B.** O/a alumno/a e a súa familia non poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software nel instalado. Deberá informarse ao/á titor/a do curso de calquera desperfecto observado no equipo no menor prazo posible.

**C.** O/a alumno/a comprométese a levar todos os días o ordenador ao centro coa batería completamente cargada.

**D.** O ordenador deberá devolverse ao rematar o curso, e cando o centro o solicite para realizar actualizacións, tarefas de mantemento, etc.

**E.** O profesorado, a persoa coordinadora de E-Dixgal no centro, e os técnicos da administración poderán inspeccionar o ordenador cando o estimen oportuno co fin de constatar o seu estado.

**TERCEIRA. RESPONSABILIDADE**

Responsabilízome do correcto coidado e uso do ordenador, respondendo da perda deste ou do seu mal uso. Isto non inclúe as avarías que poidan producirse na utilización diaria do equipo e estean contempladas na súa garantía.

En ______________________ a ________ de ______________ de ________

Asdo.: pai/nai/titor/a legal

# Seguro opcional

**A responsabilidade do correcto coidado do uso e do equipo recae nos/as pais/nais/ titores/as legais. Polo que dende o centro aconsellamos a contratación do seguro opcional.**

- **Este seguro permite cubrir o risco dos danos no portátil non contemplados na garantía.**
- **O seu custo anual é de 49 €**

O seguro cubre os seguintes danos:

- Rotura de calquera componente do equipo (pantalla, carcasa, teclas, bisagras, conector de alimentación, outros conectores, ...)
- Rotura do cargador de alimentación

O seguro NON cubre os seguintes danos:

- Roubo, hurto, estravío ou pérdida, tanto do portátil, como do cargador de alimentación, ou do lápis
- Rotura do lápiz, ou da punta deste.

# Soporte premium

Trátase dun servizo que atende as seguintes necesidades:

- Xestión de avarías, incidencias, problemas e a aclaración de dúbidas e consultas sobre as ferramentas ou o equipamento que pais, nais, profesorado ou alumnado poidan ter no Proxecto Educación Dixital.

Presta servizo a través das seguintes canles:

De xeito remoto a través dunha canle telefónica (24x7) durante as 24 horas do día, os 7 días da semana:

- A través do número de teléfono 881 86 99 00

- De xeito remoto a través do correo electrónico soporte.premium@edu.xunta.gal

- A través do WhatsApp no número 604 06 78 56

- A través do Telegram na conta @Serviciopremiumedixgal

# Conectar o portatil a unha rede wifi

No centro educativo, a conexión á rede WIFI Abalar é automática, polo que non é necesario que o/a alumno/a faga ningún tipo de configuración.

No fogar, o/a alumno/a pode conectar o equipo a unha rede WIFI seguindo estes sinxelos pasos:

- Premer co botón esquerdo sobre a icona do Network Manager.
- Seleccionar a rede WIFI á que se desexa conectar.
- Introducir o contrasinal e premer o botón conectar.



# Conectar o portatil a unha rede wifi

Tamén pode conectar o equipo a unha rede fixa. Se esta rede proporciona dirección de xeito automático (mediante DHCP), unha vez conectado o equipo, o/a alumno/a non terá que realizar ningún tipo de configuración. Se non é así pode conectar o equipo seguindo estes sinxelos pasos:

• Premer co botón esquerdo sobre a icona do Network Manager.
• Seleccionar Editar as conexións.
• Premer Engadir.
• Seleccionar Cableada.
• Na lapela Configurar IPv4 introducir os valores axeitados da conexión cableada. • Premer o botón gardar.



# EVA ONLINE

## Dende onde entrar?



# Como entrar?




[https://eva.edu.xunta.gal](https://eva.edu.xunta.gal)

# EVA OFFLINE

## Dende onde entrar?



# Como entrar?



# Como podo traballar?

## Con conexión



# Como podo traballar?

## Sen conexión



# Editoriais

edebé

netex
innovative learning technologies

SmarClassroom

aulaPlaneta

DIXIT

Pearson

# Normas básicas

- Os alumnos levarán o ordenador ao seu domicilio para estudar e realizar as tarefas encargadas polo profesorado.
- Non se poderá utilizar este equipo para ningún outro uso persoal ou profesional sen a expresa autorización do centro.
- Non poderá cederse a terceiras persoas.
- A utilización non permitida do equipo será recollida como conduta contraria á convivencia nas normas de organización, funcionamento e convivencia.
- Non se poderán realizar manipulacións no ordenador nin no software instalado.
- No caso de ser necesario realizar unha reparación do hardware do ordenador, esta deberá levarse a cabo nun servizo técnico que esté autorizado para a reparación do dito modelo de ordenador.

# Normas básicas

- Deberá informarse ao/á titor/a do curso e oa Soporte Premium de calquera dano observado no equipo.
- As nenas e nenos deben levar todos os días o ordenador ao centro coa batería completamente cargada.
- O ordenador deberá devolverse ao rematar o curso en perfecto estado de funcionamento, e cando o centro o solicite para realizar actualizacións, tarefas de mantemento, etc.
- O profesorado e o/a coordinador/a E-DIXGAL do centro poderán inspeccionar o ordenador cando o estimen oportuno co fin de constatar o seu estado.

Informamos que non se pode conectar o portátil a unha impresora.

# Enlaces de interese

- Vídeos presentación E-Dixgal
- Aplicación móbil Eva-Abalar
- Aplicación Eva-Offline
- Vídeos tutoriais AbalaMóbil
- Folleto informativo para as familias

MOITAS GRAZAS E

FELIZ CURSO